# Rutas

## I . Ribadavia - San Paio de Ventosela

Abrangue a cunca baixa do río Avia, dende a chaira aluvial do Areal ata a súa desembocadura e as ribeiras do encoro de Castrelo de Miño. As infraestruturas de comunicación da capital comarcal e as terras de cultivo comparten o espazo sendo a parroquia de San Paio de Ventosela, a cabalo entre as dúas cuncas fluviais, o enclave de maior interese. Aquí se localizan varias adegas entre as que destaca polas súas dimensións e modernidade a Vitivinícola do Ribeiro e as súas amplas extensións de vide que ateigan as ladeiras do Monte de San Cibrao. O conxunto parroquial do núcleo de San Paio serve de excelente miradoiro así coma o Monte de Santa Marta.

Lonxitude, 6 Km



## II . Campo Redondo - Cuñas

A ruta continúa pola marxe esquerda do río Avia, na vertente que mira cara ao Oeste. Sempre a media ladeira, atravésanse as terras de Santo André de Campo Redondo, Esposende (Santiago e Santa Mariña) e San Lourenzo da Pena. Os núcleos de poboación se integran no espazo adaptándose ás características xeomorfolóxicas dun terreo ateigado de afloramentos graníticos e fortes desniveis formados pola incisión fluvial. Unha sucesión de adegas, rueiros, casas grandes, pazos e arquitectura relixiosa serven de reclamo ao visitante que quedará engaiolado pola paisaxe e as fermosas vistas que de todo o val atopamos no percorrido. Neste senso, temos as mellores perspectivas dende os arredores de Esposende e Lentille.

Lonxitude, 7 Km



## III . San Clodio - Gomariz

O percorrido chega a San Clodio e á parroquia de Santa María de Gomariz, un dos cotos vitivinícolas de máis longa tradición en Galiza. A orde do Císter asentada no Mosteiro de San Clodio fixo unha fonda transformación agraria na comarca substituíndo o cultivo de cereais e castiñeiro pola vide, o que supuxo unha especialización produtiva que chegou ata os nosos días. Por unha banda, sobresae o conxunto histórico artístico de San Clodio e a Ponte Gótica na ribeira do Avia, xunto aos asentamentos tradicionais de Barzamedelle e A Ponte. Por outra banda, as ladeiras de Gomariz, con núcleos como Barro, O Pazo ou Cubilledo, presididos por grandes adegas e rodeados por cepas de viño en socalcos. Nas marxes do río Avia aséntase Leiro, o principal centro administrativo e de servizos nesta parte da comarca.

Lonxitude, 4 Km



## IV . Pazos de Arenteiro - Lebosende

Seguiremos o río Avia ata o Conxunto Histórico Artístico de Pazos de Arenteiro e a veciña parroquia de San Xoán de Cabanelas no Carballiño. A ribeira ten un trazado sinuoso de fortes desniveis e tanto asentamentos humanos como viñedos concéntranse maiormente na marxe esquerda. Outra característica da paisaxe é o predominio do espazo forestal, formando enclaves naturais de gran valor como o Bosque do Río Arenteiro. O regreso a Leiro farase pola banda dereita do Avia, nunha subida constante que nos agasalla con fermosas vistas da gorxa fluvial ata chegar á parte alta do Monte de Rañadoiro e á parroquia de Santa María de Lamas. Antes de continuar a ruta paga a pena achegarse ao miradoiro do Outeiral de Pena Corneira, emblemático Monumento Natural. De volta baixamos cara Leiro deténdonos na fermosa igrexa románica de San Tomé de Serantes, no singular conxunto etnográfico de Paredes e no núcleo parroquial de Lebosende, excelente miradoiro sobre Leiro e o Val do Avia.

Lonxitude, 17 Km



## V . Berán - Beade

A ruta chega a outro dos espazos máis emblemáticos do Ribeiro, á Encomenda de Beade, Orde dos cabaleiros de Malta de San Xoán de Xerusalén e, tal e como sucedera coa Orde do Císter, participou activamente na transformación vitivinícola do territorio xunto a señoríos laicos como os Sarmiento de Ribadavia. Os núcleos rurais de Berán, Beiro, Biete e Beade aínda mostran trazos dun pasado florecente vinculado ao viño, con importantes exemplos de arquitectura civil; pazos, casas grandes, adegas e relixiosa destacando o conxunto arquitectónico da Encomenda. Na actualidade segue a ser un espazo dedicado esencialmente ao cultivo da vide e varios colleiteiros están a traballar activamente para recuperar as variedades autóctonas e os xeitos tradicionais de produción. Outras singularidades da área son o Balneario de Berán, xunto ao Rego de Caldelas, e o Bosque de Ridimoas, nunha valgada entre os núcleos de Beade e As Regadas.

Lonxitude, 8 Km



# Aldeas Vitivinícolas Medievais




Lonxitude da total Rutas: 42 Km

# Adegas do Avia

## 1 - VITIVINÍCOLA DO RIBEIRO S.C.G.

Adega fundada no 1968. Actualmente conta cuns 800 socios. Modernas instalacións.
Comercializan as marcas:
Viña Costeira: Albariño, Treixadura do Ribeiro, Treixadura de barrica (brancos)
Alén da Historia (tinto)
Pazo: Pazo Branco e Pazo Tinto, Pazos de Ulloa (branco)
Soñal: Soñal Branco e Soñal Tinto
Xeito (branco)
Augardentes e licores:
Pazo ("Orujo de Galicia" branca, herbas e mel)
Lúa ("Orujo de Galicia" branca, herbas e licor café)

Tlfno.: 988 477 210 / 902 636 46
www.pazoribeiro.com
comercial@pazoribeiro.com

Visitas
Cita previa, grupos entre 15 e 40 persoas. Percorrido pola adega, viñedo, museo e miradoiro. Duración: entre 30 min e 1h 30min.
Horario 9:00 – 13:00 e 15:00 – 18:00. Degustación e venda.

## 2 - ADEGA SAMEIRÁS

Adega fundada no 1999 por Antonio Cajide Gulín. Dono dunhas 4 Has de viñedo. Traballa con sistemas tradicionais herdados e con coas novas técnicas. Utiliza as variedades autóctonas de uva (treixadura, lado, albariño, caíño branco e tinto, ou brancellao e sousón, entre outras), comercializando dúas marcas:
Sameirás: branco e tinto
Viña do Avó: branco e tinto

Tlfno.: 988 491 812 / 678 894 963

Visitas
Cita previa. Ata 20 persoas. Degustación e venda.

## 3 - ADEGA CASAL DE ARMÁN

A familia González Vázquez é herdeira dunha longa tradición vitivinícola: catro xeracións, dende a segunda metade do século XIX. Posúen unhas 12Has de viñedo nas ladeiras do val do río Avia, distribuídas en característicos socalcos e das que obteñen o 100% da súa produción. Cultívanse as variedades autóctonas de branco (treixadura, torrontés, albariño e godello) e tinto (brancellao, caíño e sousón).
Comercializan tres viños baixo as marcas:
Casal de Armán: branco e tinto
Eira dos Mouros: branco

Tlfno.: 988 288 575 / 699 060 464
www.casaldearman.net
bodega@casaldearman.net

Visitas
Cita previa. Percorrido pola adega e participación nos labores da adega e viñedo.
Catas concertadas e comidas na Casa de Turismo Rural e Restaurante.

## 4 - ADEGA VIÑA MEÍN

Adega fundada no ano 1988. Recolle uvas das variedades autóctonas seleccionadas coma Meín – San Clodio, Gomariz ou Osebe. Destacan:
Viña Meín - branco: treixadura nun 80% , loureira godello, torrontés, albariño e lado
Viña Meín – Tinto Clásico: mestura das variedades caíño longo, mencía e ferrón.
Viña Meín – Fermentado en barrica: variedade do Viña Meín xove que pasa por unha barrica ("tino") de carballo francés de 3.300 litros.

Tlfno.: 988 488 400 / 988 480 622 / 617 326 385
www.vinamein.com

Visitas
Cita previa. Percorrido pola adega. Espectacular emprazamento e oferta de excelentes servizos no seu Hotel. Degustación e venda.

## 5 - ADEGA A VILERMA

Finca adquirida no 1977 e constrúese a adega no ano 1985. O seu propietario, Arsenio, é pioneiro en materia dos viños de O Ribeiro. Obtén a uva dos seus propios viñedos, unhas 6Has, nas ladeiras do val do río Avia, utilizando variedades autóctonas (treixadura, lado, torrontés e loureira).
Comercializan os viños coa marca Vilerma (branco e tinto)

Tlfno.: 988 227 544 / 988 228 702
Finca A Vilerma: 988 488 346
Oficinas (Ourense): 988 288 900

Visitas
Cita previa. Percorrido pola adega. Como complemento, a vista panorámica que se aprecia dende alí é inmellorable.

## 6 - MARÍA ÁLVAREZ SERRANO

Adega fundada no ano 1987 situada nun dos primeiros cotos vitivinícolas de España, na parroquia de Santa María de Gomariz. As modernas instalacións compóñense de adega, sala de crianzas e destilería, nun complexo de grandes dimensións rodeado de viñedos, aproximadamente 18Has.
Cultívanse as variedades treixadura, albariño, godello, loureira, sousón, brancellao, caíño longo e ferrol.
Marcas que comercializa:
Coto de Gomariz: branco do ano
Coto de Gomariz Seleccionada: branco fermentado en barrica
Abadía de Gomariz: tinto de media crianza
XV Cuvée Caco: tinto de alta expresión
Gomariz: destilados

Tlfno. e Fax: 988 488 249
gomariz@cotodegomariz.com

Visitas
Cita previa. Percorrido pola adega. Presenta un emprazamento privilexiado, cunha boa panorámica das marxes vitivinícolas do Avia.
Degustación e venda.

## 7 - ALEMPARTE

Adega fundada en 1979 por Ricardo Gómez Alemparte e rexentada por unha familia de longa tradición vitivinícola na comarca do Ribeiro. Instalacións e técnicas modernas, viñedos propios nas ribeiras do Avia, no val de Gomariz.
As principais variedades que utiliza son treixadura, loureira, torrontés, godello, brancellao, garnacha e mencía.
Comercializan dúas marcas:
Airón: branco
Alemparte: branco e tinto

Tlfno.: 988 488 295 / 988 271 256 / Fax: 988 271 223
gestrico@wanadoo.es

Visitas
Cita previa. Degustación e venda.

## 8 - HEREDEROS DE AVELINO LORENZO S.C.

Adega de carácter familiar fundada por Avelino Lorenzo e agora rexentada polos seus herdeiros. Combina técnicas e materiais tradicionais coas novas tecnoloxías , recollendo as uvas das súas propias viñas (unhas 1,3Has).
Comercializa as marcas:
Casal de Eirado (branco) e Vello Luciano (tinto), viños elaborados con variedades autóctonas (treixadura, albariño, silveiriña, loureira, raposo, godello, torrontés, brancellao, sousón e caíño)

Tlfno.: 988 480 631 / Pablo Lorenzo: 676 306 635

Visitas
Cita previa. Pequena adega pero de grande interese etnográfico. Paga a pena conversar con Avelino dada a súa dilatada experiencia no mundo do viño. Degustación e venda.

## 9 - PAZO DE VIEITE S.L - VIÑA FARNADAS

Adega propiedade de Lorenzo Rolando de Francisco quen, logo de adquirir o Priorado de Bieite, inaugurou no 2006 a adega Pazo de Vieite S.L. Conta cunhas espazosas instalacións e maquinaria moderna, adaptada para chegar aos 300.000 litros. Posúe viñedos propios, en ladeiras orientadas ao abrigo do norte, nunha extensión aproximada de 10Has. A uva predominante é a treixadura e, en menor medida, godello, albariño, loureira e torrontés.
Comercializa a marca Viña Farnadas (branco).

Tlfno.: 988 488 229
pazodevieite.es
pazodevieite@wanadoo.es

Visitas
Cita previa. Poden recibir ata 50 persoas. Recepción e venda ao público, amplo salón e sala de catas.

## 10 - ARCO DA VELLA - ADEGA DE ELADIO

No centro de Beade. A adega que combina tradición e modernidade: métodos tradicionais que respecten o equilibrio ecolóxico do medio natural, variedades autóctonas (caíño longo, brancellao, souson, ferron, garnacha centenaria para o viño tinto; e treixadura, godello, albariño, loureira e torrontes para o viño branco.
Plan de distribución tanto a nivel nacional coma internacional comercializando dúas variedades de viño: Tarabelo tinto e Torque de Castro branco

Tlfnos: 986 376 676 / 988 480 082 / 607 487 060 / 607 907 448
www.bodegaeladio.com
bodega@bodegaeladio.com

Visitas
Cita previa. Coñecerase a adega, a casa restaurada, ademais de poder manter unha boa conversa sobre o viño ou outros temas con Eladio. Degustación e venda.

## 11 - A PORTELA S.A.T.

Adega fundada no 1987 por Antonio González Pousa e familia. Conta con viñedos propios e avanzada tecnoloxía para a elaboración de viños
Dende a súa creación perseguen varios obxectivos: recuperación das variedades autóctonas do Ribeiro; cultivo orgánico; vendima tradicional; integración das novas tecnoloxías e controlada experimentación enolóxica.
Cultivando variedades brancas treixadura, godello, torrontés e palomino, e algunhas tintas como caíño, ferrón e sousón. Comercializan catro viños: Señorío de Beade (tinto e branco), Sol da Portela (branco) e Beade Primacía (branco). Licores e "Orujo de Galicia".

Tlfno: 988 480 050
www.beadeprimacia.com
beade@beadeprimacia.com

Visitas
Cita previa. Percorrido pola adega, sala de catas. Excelente atención, trato e ambiente familiar. Degustación e venda.

## 12 - SAN ROQUE S.C.G. - TERRA DO CASTELO

Adega constituída no 2004. Unha superficie de 3500m2 e 104 socios. Ofrecendo un produto variado na Denominación de Orixe de O Ribeiro:
Terra do Castelo: Treixadura, Selección e Mencía
Terra do Avia: Branco e Tinto

Tlfno.: 988 471 522. Fax: 988 471 502
www.terradocastelo.com
adegas@terradocastelo.com

Visitas
Cita previa. Pódense coñecer as instalacións e os produtos comercializados. Degustación e venda.